

18. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

IES MUGARDOS	IES de Mugardos. Departamento de XEOGRAFÍA E HISTORIA		2.º ESO 2016 - 2017
	MATERIA	XEOGRAFÍA E HISTORIA	
	PROFESOR/A	DAVID MARTÍNEZ MILLÁN	

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

O inicio da Idade Media. Neste tema estudaremos a fragmentación do Imperio Romano, reinos xermánicos, visigodos, imperio bizantino e Islam.

A Europa Feudal Neste tema centrarémonos no Imperio Carolinxio, segundas invasións e feudalismo.

O desenvolvemento das cidades na Idade Media. Este tema está adicado o desenvolvemento urbano medieval, renovación cultural, consolidación das monarquías feudais e final da Idade Media.

A cultura e a Arte na Idade Media. Estudarse o concepto Arte na Idade Media, arte románica e gótica

2.ª AVALIACIÓN

Al-Andalus. Neste tema abordarase a conquista e evolución de Al-Andalus, sociedade, economía, cultura e arte andalusí

Os reinos cristiáns hispánicos. Neste tema traballaremos a formación e evolucións dos reinos cristiáns, reconquista, organización coroas, crise do século XIV, e Galicia Medieval.

O estudo físico de España e Galicia. Neste tema identificaremos o relevo de España e Galicia, ríos, lagos, climas e paisaxes.

A poboación do mundo. O punto de inicio do tema é estudo da dinámica natural da poboación, as migracións e a distribución da poboación no mundo.

3.ª AVALIACIÓN

As cidades. Traballaremos o espazo rural e urbano, tipos de cidades, os diferentes tipos de espazos urbanos, a rede urbana mundial e problemas das cidades

O continente europeo. Poboación e cidades. O obxecto de estudo deste tema o territorio europeo, evolución da poboación europea e a súa distribución.

España e Galicia: territorio, poboación e cidades. Neste tema estudaremos todo o relacionado cos territorios de España, a poboación e espazo urbano en España e Galicia.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude	10 %		
Conceptos e procedementos	%	Probas escritas	70 %
		Traballos/Proxectos	20 %
		Lecturas	NON HAI

Actitude, falamos de un comportamento axeitado e non disruptivo, un respecto polo grupo e o profesor, tendo en conta ao mesmo tempo as faltas de asistencia e as de puntualidade non xustificadas. **Conceptos e procedementos**, referimos a actividades na aula, con exames (dous por avaliación coma mínimo) e traballos que irán realizando ao longo do curso.

Todo o dito anteriormente queda suxeito a práctica docente co cal pode haber algún cambio no devenir das avaliacións.

Nas probas escritas descontaranse 0,05 por faltas leves (ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.

No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si/Non Lerase documentos, e fragmentos do libro de texto.

TIC Potenciar a creación de vídeos por parte dos alumnos. Potenciar a análise de fontes de información na Rede. Empregar programas e páxinas multimedia na aula. Ensañar metodoloxías de ensino a través de blogs e redes sociais. Recomendar páxinas web.

-Asesorar nunha correcta utilización da Rede como fonte de información. Asesorar nun correcto uso de programas como Power Point ou similares. -Aproveitar a Rede para realizar actividades a distancia con outros centros/institucións. Axilizar o contacto e o feedback colgando na Rede material realizado polos alumnos, exames, comentarios, etc.

PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...

Íranse introducindo ao longo do curso.